

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDACTICA  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: IES O RIBEIRO**

**GRUPO: 1º ESO A,B,C,D**

**MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA 1**

**DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E**

**LITERATURA**

**DATA: 8/V/20**

Purificación Iglesias Domínguez

Rita Abraldes Iglesias

Carmen Nieves Miranda

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º ESO

GRUPO: A,B,C,D

desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas)
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
Análise e valoración das tarefas especialmente	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía,

creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultura
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes
Análise e valoración das tarefas especialmente creadas para a avaliación Xusteza e corrección da lingua empregada Recepción das actividades propostas	LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
Realiza e envía satisfactoriamente o traballo entregado especificamente para a recuperación dos contidos estudados e non superados presencialmente na 1ª e 2ª avaliación	LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
Realiza e envía satisfactoriamente o traballo entregado especificamente para a recuperación dos contidos estudados e non superados presencialmente na 1ª e 2ª avaliación	LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución

## **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

### **2.1 Procedementos e instrumentos de avaliación**

Durante este terceiro trimestre traballaranse aprendizaxes básicas e esenciais da materia, é dicir, aquelas que están ligadas a desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado.

Xa que o traballo desenvolto é escrito na súa totalidade basearase nas destrezas de comprensión e produción de textos escritos e nos contidos mínimos gramaticais da materia.

Segundo isto, prestarase especial atención a:

- Presentación dos exercicios, actividades... requeridos polo profesor e dentro do prazo establecido, o que revela interese pola

materia e participación activa nas tarefas do 3º trimestre.

- Corrección no uso da lingua.

- Producción correcta de textos escritos.

- Corrección e xusteza dos contidos.

Nesta 3ª avaliación prescindirase dos libros de lectura obrigatorio e optativo.

### **2.2 Cualificación final**

A cualificación final basearase na media das dúas primeiras avaliacións (xa que supoñen un 67% do total do curso). O alumno deberá ter unha nota media entre as dúas igual ou superior a 4'5 para aprobar.

A 3ª avaliación sumará á nota media ata 1 punto, segundo os parámetros expostos no punto anterior. Para isto será requisito indispensable ter entregados os exercicios deste 3º trimestre na súa totalidade ou nunha porcentaxe elevada. Así mesmo, as tarefas deben estar entregadas dentro do prazo establecido para sumar.

Non optarán á media aqueles alumnos con menos de 3 nos exames .

Cando o/a alumno/a aprobado/a obteña de media en calquera avaliación unha cualificación decimal superior a 0,5 poderase redondear á alza, sempre que demostre interese pola materia, participación activa e realizase os traballos propostos.

No caso das recuperacións feitas tomarase en conta para a nota media a cualificación máis alta. Polo que respecta ás recuperacións

sen facer da 2ª avaliación os alumnos deberán entregar os boletíns preparados para tales efectos tendo en conta os parámetros do epígrafe 1.1.

### **2.3 Proba extraordinaria de setembro**

Dependo da situación sanitaria as probas extraordinarias de setembro poderanse realizar de xeito presencial ou telemático (con exercicios e probas elaboradas para tal efecto).

En calquera caso, a avaliación extraordinaria consistirá nunha proba global de toda a materia dada.

Para aprobar será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 no exame presencial da materia ou, de ser o caso, nas probas telemáticas.

### **2.4 Alumnado coa materia pendente.**

Neste nivel, ao ser inicial de etapa educativa, non hai alumnos coa materia pendente

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).**

- Os luns preséntanse e comunícanse as tarefas da semana, extraídas do libro de texto vía WhatsApp. Os alumnos envían ao longo da semana os exercicios resoltos a través do **correo electrónico**. Se teñen dúbidas, escriben ao correo ou envían un WhatsApp. A medida que se reciben as tarefas, son analizadas e revisadas individualmente e remítese un correo de confirmación da recepción das mesmas.
- A mediados de abril a canle de comunicación, presentación e corrección de traballos pasa a ser **Edixgal**. O alumnado que prefire seguir enviando as tarefas ao correo electrónico, porque quere manter o caderno da aula, pode igualmente facelo.
- Os venres envíanse correccións e explicacións pormenorizadas das tarefas, se estas son colectivas, a todo o alumnado, vía correo electrónico. De ser tarefas individualizadas, como redaccións, a corrección é individual, ben en Edixgal, ben no correo electrónico.
- As tarefas de recuperación para aqueles alumnos que teñen suspensa a primeira ou segunda ou ambas as avaliacións son entregadas a través da plataforma Edixgal.

A metodoloxía didáctica para o 3º trimestre consiste en dous tipos de actividades paralelas e simultáneas, en función das necesidades do alumnado:

- Para todo o alumnado, decidimos rematar os contidos da 2ª avaliación non estudados a 13 de marzo, restrinxindo o volume de exercicios para evitar saturación de traballo.
- Para o alumnado coa primeira ou segunda ou ambas as avaliacións suspensas, facilitamos boletíns con exercicios e traballos para completaren e recuperareren estes contidos.
- Para todo o alumnado, exercicios de repaso de fortalecemento de expresión escrita, tanto a nivel ortográfico como léxico, corrixindo castelanismos, partindo de redaccións e presentacións de textos narrativos, descritivos e dialogados creados por eles.
- Como traballo de ampliación propoñemos o estudos de verbos regulares e irregulares.

#### **Materiais e recursos**

- Emprégase como base de traballo o libro de texto Lingua e Literatura 1º ESO, Anaya, Miguel Barros Taboada e outros ISBN978-84-678-5179-3
- Caderno do alumno (no que se recollen as tarefas feitas durante as dúas primeiras avaliacións)
- Plataforma Edixgal, Correo electrónico, WhatsApp
- Páxinas web indicadas polo profesor ou que o alumno considere.

- **Información e publicidade**

- A comunicación é practicamente diaria. Vía WhatsApp, Correo electrónico e Edixgal co alumnado.
- A comunicación coas familias establécese mediante o **Espazo Abalar** e **polo correo electrónico**. Nalgúns casos é a familia quen envía as tarefas, por carecer o alumnado de correo electrónico.

**Publicidade.** Esta adaptación publicarase na páxina web do centro.